



Emilio Pérez Touriño presidiu esta tarde o acto de inauguración oficial

Proxecto Home Galicia pon en marcha un programa de rehabilitación e reinserción social para mulleres toxicómanas embarazadas e/ou con fillos/as a cargo

A FUNDACIÓN MARÍA JOSÉ JOVE E FADESA FINANCIARON AS OBRAS DE ADAPTACIÓN DO INMOBLE QUE ACOLLERÁ ESTE INNOVADOR PROXECTO

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2006.- O Presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, inaugurou esta tarde en Cernadas (Val do Dubra) un programa de rehabilitación e reinserción social na Comunidade Terapéutica de Proxecto Home Galicia que acollerá a mulleres toxicómanas embarazadas e/ou con fillos/as ó seu cargo. O programa foi financiado pola Fundación María José Jove e FADESA.

Ó acto asistiron, ademais do Presidente da Xunta de Galicia, o Delegado do Goberno en Galicia, Manuel Ameijeiras Vales; o Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Senén Barro Ameneiro; o Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, Xosé Manuel Sánchez Bugallo; o Arcebispo de Santiago, Julián Barrio Barrio; os presidentes da Fundación María Jose Jove e FADESA, Felipa Jove e Manuel Jove, respectivamente; o Presidente do Padroado da Fundación Monte do Gozo, José Antonio Seoane Ares; e o Director de Proxecto Home Galicia, Ramón Gómez Crespo.

A posta en marcha deste programa, pioneiro na nosa comunidade autónoma, foi posible gracias ó acordo asinado o ano pasado entre a Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia e a Fundación María José Jove e que se enmarca no Programa “Comunidade Terapéutica para mulleres toxicómanas xestantes e/ou con fillos/as a cargo”, cuxo principal obxectivo é dar respostas á necesidade de tratamento destas mulleres que, pola súa situación, non teñen acceso a programas de tratamentos sen que isto supoña unha separación dos seus fillos/as. Integrando ós nenos/as no proceso de rehabilitación das súas nais, evítase a forte ruptura que se producen o vínculo afectivo, de xeito que, simultaneamente, sexa un proceso de reeducación e estruturación familiar.

Por outra banda, favorécese a formación e orientación das nais para asumir responsabilidades e a educación de seu fillo/a, ademais de traballar outros aspectos que facilitará a integración social, familiar e laboral.

É importante subliñar que neste novidoso traballo está sempre presente a figura do neno/a como a máis débil e sempre van primar os seus dereitos e necesidades sobre o resto de condicións. Estes nenos/as atópanse en situación de risco pola realidade social e ambiental que o problema da droga xera, sufrindo situacións de inestabilidade e carencia de afectos ou vínculos estables e seguros para eles, con graves consecuencias para o seu desenvolvemento.



O novo programa contará con 22 prazas residenciais.

A Fundación María José Jove participou neste proxecto financiando ó 50 % do custe total das obras deste espazo, onde desde o ano 1990 Proxecto Home Galicia ven tratando a homes e mulleres, pero sen posibilidade, ata agora, de que estas conviviran cos seus fillos/as debido a que non se contaba cunhas instalacións axeitadas. Esta acción da Fundación María José Jove súmase á importante labor social que esta entidade sen ánimo de lucro ven realizando en materia de asistencia e integración social, sobre todo dirixida á infancia e ás mulleres.

Pola súa parte, FADESA levou a cabo as obras de rehabilitación deste espazo. Con FADESA, téñense sumado a esta iniciativa outras empresas que colaboraron desinteresadamente nas obras de adaptación do centro, como Manuel Periscal Barca, Pladur, Calefacciones Simón, Cristalería A'Balsa, Almacenes Pedrouzo, Cerámicas Gala, Garogres, Casa Buades, Pinturas Coruña, S.C. Diana Forest, Talleres Domínguez, Carpintería de Moreira, Industrias González, Moreira y Cia, Aplistone, Aisladeza y Cerámicas Campo.

Nota del editor.- *María José Jove, que fora Vicepresidenta de FADESA, e que faleceu hai catro anos, estivo sempre vinculada ó compromiso social orientado ós colectivos menos favorecidos, constituíndoa infancia unha das súas grandes preocupacións. Po este motivo, a súa familia quixo impulsar este proxecto elevar á práctica a extraordinaria sensibilidade de M^a José Jove creando unha fundación que leve os eu nome, baixo a presidencia da actual vicepresidencia de Fadesa, Felipa Jove Santos.*

Para máis información:

Fundación Monte do Gozo Proxecto Home.

Tel. 981 57 30 20 ou 629 359 092; fmg@proxectohome.org

Belén Rey Asensio, Directora de Comunicación. FUNDACIÓN MARIA JOSÉ JOVE

Tel. 981 17 92 00 / 981 160 265; brey@fadesa.es